

INSTRUCCIÓN 4/2017, DO 16 DE NOVEMBRO, SOBRE A TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES RELATIVOS ÁS AXUDAS CONVOCADAS PARA SUFRAGAR OS DANOS NAS VIVENDAS E NO SEU ENXOVAL DOMÉSTICO CAUSADOS POLOS INCENDIOS ACONTECIDOS EN GALICIA OS DÍAS 14, 15 E 16 DE OUTUBRO DE 2017 (PROCEDEMENTO VI100B)

De conformidade coa habilitación establecida na base vixésimo segunda da convocatoria realizada no artigo 19 da Orde conxunta do 27 de outubro de 2017 (*Diario Oficial de Galicia*, núm. 206, do 30 de outubro), respecto ás axudas citadas no encabezamento, procede ditar a seguinte instrución para os efectos de facilitar a xestión deste programa:

1. Para os efectos de determinar a contía dos danos subvencionables **para a reparación da vivenda** consideraranse subvencionables os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os proxectos e as direccións de obra, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. O custo dos gastos subvencionables enténdense co IVE engadido.

O importe dos honorarios dos traballos técnicos (memorias valoradas, informes, proxectos, direccións de obra, etc) axustarase aos prezos medios de mercado e ao volume da obra a executar.

- Incluíranse como parte dos danos na vivenda os producidos no mobiliario da cociña. Ademais, poderá incluírse como parte dos danos na vivenda os dos seguintes electrodomésticos: a cociña, a campá, o forno, o frigorífico e a lavadora. O importe subvencionable de todos estes electrodomésticos será de 2.000€, que se axustarán aos prezos medios do mercado e sen que ningún deles poida superar os 600€ individualmente.
- O garaxe e o rocho, sempre que estean incluídos na envolvente da vivenda, entenderanse valorados no conxunto da vivenda. Noutro caso consideraranse como instalacións complementarias da vivenda.
- Nas obras superiores a 60.000€ haberá que facer unha acta de comprobación material da inversión.
- No caso de vivenda ocasional haberá que acreditar que estivera de alta en subministros básicos (luz e auga) con data anterior á data do incendio.
- As memorias valoradas e proxectos técnicos serán validados polo persoal técnico ao servizo do IGVS.





- Os técnicos competentes son os que se determinan pola Lei de ordenación da edificación (Lei 38/1999, do 5 de novembro).
- Non serán indemnizables os danos causados en vivendas en construción, salvo que se poida acreditar que estaba destinada a residencia habitual e permanente da persoa solicitante ou a vivenda ocasional.
- Tampouco serán indemnizables os danos causados en vivendas ruinosas ou que se atopasen en manifesto abandono, que non reúnan as condicións mínimas de habitabilidade.
- Para os efectos destas axudas non se considerarán como danos subvencionables os danos estéticos nas fachadas da vivenda que foran ocasionados exclusivamente polo fume.

2. Importe das axudas por danos en vivendas

- Para determinar o importe máximo da subvención tomarase como referencia a superficie de 120 m² para as vivendas unifamiliares e de 90 m² para as vivendas en edificio residencial colectivo, e ademais terase en conta a ubicación da vivenda nun concello, ben da zona territorial I ou ben da zona territorial II.
- Os concellos incluídos na zona territorial I son os seguintes:
 - -A Coruña, Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugar dos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada, Santiago de Compostela e Teo,
 - -Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro,
 - -Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ourense, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia,
 - -A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Ponteareas, Pontecesures, Pontevedra, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vigo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
- Os concellos incluídos na zona territorial II son os restantes concellos de Galicia.
- O tope da subvención en cada caso non está determinado pola superficie concreta da vivenda danada senón que vira determinado polo custe da actuación de reparación, co límite da correspondente



porcentaxe do prezo máximo dunha vivenda protexida de réxime xeral na zona territorial onde estea encadrado o concello da vivenda danada.

- O importe máximo das axudas por danos causados na vivenda que constitúa a **residencia habitual e permanente** poderá acadar o 100% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe de dita axuda poida superar o 75% do prezo máximo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral na mesma localidade.

IMPORTE MÁXIMO SUBVENCIÓN (Danos vivenda habitual)		
Vivenda protección autonómica réxime xeral	Zona territorial I (subvención máxima)	Zona territorial II (subvención máxima)
Vivenda Unifamiliar (120 m ²)	109.152€ (75% do prezo máximo) (Prezo máximo.1,212,80 módulo: 1212,80 *120 =145.536 €)	98.919€ (75% do prezo máximo) (Prezo máximo.1099,10 módulo: 1099,10*120= 131.892 €)
Vivenda en edificio colectivo (90 m ²)	81.864€ (75% do prezo máximo) (Prezo máximo 1212.80*90 = 109.152 €)	74.189,25€ (75% do prezo máximo) (Prezo máximo 1099,10*90 = 98.919 €)

- O importe máximo das axudas por danos causados no **resto das vivendas, que sexan vivendas ocasionais**, poderá acadar ata o 40% do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe de dita axuda poida superar o 40% do 75% do prezo máximo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral na mesma localidade.

IMPORTE MÁXIMO SUBVENCIÓN (Danos en vivenda ocasional)		
Vivenda protección autonómica réxime xeral	Zona territorial I (subvención máxima)	Zona territorial II (subvención máxima)
Vivenda Unifamiliar (120 m ²)	43.660,8€ (40% do 75% do prezo máximo) (Prezo máximo 1,212,80 módulo: 1212,80 *120 =145.536 €)	39.567,6€ (40% do 75% do prezo máximo) (Prezo máximo 1099,10 módulo: 1099,10*120 = 131.892 €)
Vivenda en edificio colectivo (90 m ²)	32.745,6 € (40% do 75% do prezo máximo) (Prezo máximo 1212.80*90 = 109.152€)	29.675,7 € (40% do 75% do prezo máximo) (Prezo máximo 1099,10*90 = 98.919 €)



3. A efectos de determinar a contía dos danos subvencionables producidos nas **construcións anexas e instalacións complementarias** teranse en conta os seguintes criterios:

- As instalacións e construcións necesarias para o funcionamento da vivenda, que estean no predio en que se sitúa a mesma son subvencionables, aínda que a vivenda non tivera danos. Aceptarase calquera medio de proba que acredite suficientemente que os citados elementos están no predio da vivenda (registro, catastro, etc.).
- Os cerramentos preexistentes do predio no que está a vivenda tamén se consideran construción ou instalación complementaria, e polo tanto, os danos nos mesmos serán subvencionables .
- Non se consideran danos subvencionables os sufridos nos árbores ou plantas existentes no predio en que se sitúa a vivenda ou os danos en calquera outro elemento que non se poida considerar instalación complementaria.

4. A efectos de determinar a contía dos danos subvencionables producidos **no enxoval doméstico**, consideraranse os elementos de primeira necesidade existentes na cociña, nos dormitorios e nos demais espazos da vivenda danada, tales como mesas, cadeiras, camas, mesillas, somieres, colchóns, armarios, cómodas, etc.

Non se subvencionaran danos no enxoval doméstico se a vivenda non resultou danada, nin se conceden subvencións para a reparación da vivenda.

5. Respecto do **procedemento**:

- As subvencións iranse concedendo en función da data de entrada da documentación completa nas áreas provinciais do IGVS.
- Serán admitidas as facturas correctas con data posterior ao 14 de outubro de 2017.
- Na resolución de concesión indicárase que, de ser o caso, para o pagamento da subvención será necesaria a presentación do proxecto e da licenza municipal.





- Coa comunicación do final das obras deberá aportarse a licenza de primeira ocupación ou informe municipal de adecuación das obras á correspondente licenza municipal de obras ou, de ser o caso, ao réxime de comunicación previa.
- A información sobre estas axudas canalizarase prioritariamente a través do servizo de telefónico gratuito, establecido pola Xunta de Galicia, teléfono 900815400.

Santiago de Compostela,

O director xeral

Heriberto García Porto

(Documento asinado electronicamente)

